

A CARÓN DA NATUREZA

É no intre en que a terra, para se durmir, vaille virando as costas á luz e o fune das tellas, mesto e leitoso, vaise esparexendo no fondo do val. Non é cousa de outro mundo pinta-lo que ven os ollos, que serán comestos polos vermes; pero na paisaxe hai máis cousas que fítar, pois naquel muíño cantareiro dous namorados danse o primeiro bico e naquel pazo do castiñeiro seco ouvean os cans.

Dende o adro dunha eirexa ollámo-lo val afundido na choiva. A iauga que cai a fío aplaca o fune azul contra as tellas brillantes dunha chouza. Os camiños están cubertos de lama e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na súa besta ferrada. Veláí o cadro dun pintor, pero aínda hai máis na paisaxe, pois tocan a morto no campanario da eirexa e o son é tan amargurado coma se batesen a campá coa mesma cabeza do morto e non adeviñamos en cal casa do lugar hai desgracia porque todas, todas, están tristes.

Noite de luar. Na beira dunha encrucillada de leenda un cruceiro ten a rentes de si a mesa de pedra onde pousan os mortos para botarlle o responso; por ante os piñeiros amóstrase a ría maina; a lúa está pendurada da ponla dun pino. O pin-

tor ten que evocar algo máis que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro, aquela mesma tardiña, pousaron o corpo morto dun rapaz que veu do servizo; por aquela congostra vai un estudante de crego cavilando na moza do pano roxo que lle roubou a vocación. E ó lonxe cantan un alalá.

Mañanciña de domingo. Os montes de lonxe teñen azures de Patinir; as xestas e os toxos poñen as súas motiñas mareladas na diviña sinfonía verde da paisaxe. Moitas cousas máis ten a paisaxe para un artista, pois nunha ponla daquela maceira o melro de Guerra Xunqueiro, "lucido e xovial" aínda, agarda polo abade da aldea para darlle os "bons días"; chovou onte; as campás da eirexa repenican unha muiñeira e polos carreiros das veigas de acolá embaixo as formiguñas negras e roxas veñen á misa.

O tempo engalanou cunha tona de ouro e prata o vello castelo feudal; os esclavos do fisco sachan o millo nas leiras; ante os salgueiros sombrizos do fondo do val avístaase a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto para pintar porque todo é regalía dos ollos; pero na paisaxe hai máis. Hoxe é víspera de San Xohán, arrecende a colo de nai, cantan os grilos e o vento morno trainos de lonxe o son dun bombardino. Mañán laváremos con herbas arrecendentes.

Anoitecía. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primaveira os pinos botan milleiros de velas, collendo eisé o aspeito de candieiros xigantes. ¡Cantas veces sentimos desexos de alcende-las velas dos pinos! Pois ben; perto do meu pino acertou a pasa-lo Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van

rezando) e, ¡ou miragre!, o irmán pino, sentindo o momento relixioso e en homenaxe á Sagrada forma, alcendeu as súas velas, que estiveron acesas namentras o Viático non se perdeu na revolta do camiño.

Un día de nadal, ollando unha paisaxe que imitaba un Nascimento, decateime de que hai máis fermosura nas froliñas dos campos que nas frols de xardín. As froliñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Breughel "o vello", namentras que as frols foulentas de xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens. Dende entón eu quixen ser un ventureiro das letras.

